



ACTA N° 2023/6

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, luns 24 de abril de 2023

No día de hoxe, ás 20:03 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dña. Marta Rey Lema traslada a ausencia por motivos laborais e persoais de D. Francisco Javier Trillo Pazos e D. Manuel Lorenzo Hermida.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2023.

2º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o peche do centro de educación especial de Carballo para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte.

3º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE sobre a creación dun centro de educación especial pública na Costa da Morte.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

5º. Dación de conta das asignacións a grupos políticos municipais.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

A concelleira de AV, Sra. Rey Lema, indica que na pregunta formulada en relación coa obra de ampliación da beirarrúa consta que é na zona do tanatorio, cando na realidade é na zona de Abanca.



Ao non manifestar máis observacións sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2023, coa modificación indicada pola concelleira.

2º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o peche do centro de educación especial de Carballo para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o mércores día 19 de abril de 2023, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame referente á moción presentada polo grupo municipal de PSdeG-PSOE sobre o peche do centro de educación especial de Carballo para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE na data do 14 de abril de 2023 con RE 202300000001635 en relación ao peche do centro de educación especial de Carballo para os rapaces e rapazas do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte, que dí o seguinte:

“MOCIÓN SOBRE O PECHE DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL

O Grupo Municipal dos Socialistas de VIMIANZO de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o peche do CEEPR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ASPABER ten dende o ano 2017 un concerto coa Consellería de Educación para dar nas súas instalacións de Carballo o servizo de educación especial para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte.

O CEEPR de ASPABER en Carballo comezou a funcionar nese ano 2017 con 5 rapaces en modalidades completa e combinada e a día de hoxe conta cuns 20 usuarios de matrícula que reciben a súa educación nas tres unidades do centro. Non están contabilizados os nenos e nenas que teñen solicitada praza para o próximo curso lectivo.

Recentemente ASPABER comunicou que non renovaría o convenio coa Consellería de Educación, con duración para os próximos 6 e que deixará de dar este servizo educativo nas súas instalacións a finais de agosto do presente dicindo que o centro non reúne a s condicións necesarias para un número crecente de alumnos. A competencia educativa destes rapaces corresponde á Consellería de Educación que é quen debe dar resposta a uns pais e nais moi preocupados porque ven como a desaparición do centro educativo suporá un empeoramento na situación dos seus rapaces e dificultará aínda máis a difícil conciliación dunhas familias que para ter un servizo similar terán que buscar praza na Coruña ou Santiago, lonxe da súa poboación de orixe.

A propia xunta directiva de ASPABER para o centro educativo, comunica que na súa intención “sempre estivo a necesidade de proporcionar ao noso alumnado o apoio necesario para o seu desenvolvemento



persoal, potenciando ao máximo as súas actitudes e capacidades e procurando acadar a súa plena formación educativa integración social e laboral. Non obstante, na actualidade as nosas instalacións non son as adecuadas para poder ofrecer unha atención educativa da forma que merecen os nosos alumnos. Por este motivo e, tras realizar múltiples trámites para conseguir unhas instalacións adecuadas aos obxectivos perseguidos, non foi posible.

En consecuencia, a xunta directiva viuse obrigada a tomar a triste e difícil decisión de proceder ao peche definitivo do noso centro de educación especial", un comunicado que indica, claramente, que se a Xunta de Galicia atendese as demandas do propio centro para ter unhas instalacións axeitadas, a continuidade do servizo estaría garantida.

As familias comezaron as súas mobilizacións, pedindo que a Administración competente, é dicir, a Xunta de Galicia, aporte solucións reais e xustas ante esta situación e que non incidan negativamente no benestar dos alumnos e alumnas, nin complique máis a vida das familias que necesitan máis que ninguén do apoio da Administración e que ven como unha vez máis se esquecen as comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, nun contorno rural no que cada día é máis complexo fixar poboación.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal socialista propón ao Pleno do Concello de VIMIANO a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar a Xunta de Galicia a:

- Acceder á demanda das familias dous usuarios/as do CEEPR ASPABER de Carballo, garantindo a continuidade inmediata dun centro de educación especial na comarca para que os estudantes poidan continuar coa súa formación actual e as familias teñan non seu contorno vital un servizo esencial para a conciliación da súa vida laboral e familiar.
- Garantir que os centros educativos ordinarios da comarca contén cos recursos necesarios para atender aos alumnos con necesidades educativas especiais, en aras de fomentar unha educación máis inclusiva.
- Comprometerse a construír un Centro de educación especial público, nun prazo razoable, cun mínimo de entre 5 a 7 unidades no que se matricularán os alumnos e alumnas que requiran unha atención moi especializada e que sirva de referencia e apoio aos centros ordinarios.

En VIMIANZO, a 14 de ABRIL do 2023

Asinado: Mónica Rodríguez Ordóñez
Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de VIMIANZO"

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por catro votos a favor (2 PSdeG-PSOE e 2 AV), unha abstención do PP e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente o seguinte acordo:

ÚNICO.- Instar a Xunta de Galicia a:

- Acceder á demanda das familias dous usuarios/as do CEEPR ASPABER de Carballo, garantindo a continuidade inmediata dun centro de educación especial na comarca para que os estudantes



poidan continuar coa súa formación actual e as familias teñan non seu contorno vital un servizo esencial para a conciliación da súa vida laboral e familiar.

- Garantir que os centros educativos ordinarios da comarca contén cos recursos necesarios para atender aos alumnos con necesidades educativas especiais, en aras de fomentar unha educación máis inclusiva.

- Comprometerse a construír un Centro de educación especial público, nun prazo razoable, cun mínimo de entre 5 a 7 unidades no que se matricularán os alumnos e alumnas que requiran unha atención moi especializada e que sirva de referencia e apoio aos centros ordinarios."

A Alcaldesa-Presidenta explica dada a preocupación das familias afectadas, preséntase esta proposta instando á Xunta de Galicia o contido dispositivo do acordo do que dá lectura.

Considera que a educación inclusiva debe ser real.

Dña. Raquel Rodríguez dí que a información que lle trasladan é de que ningún alumno quedaría sen servizo xa que serían reubicados estudando a problemática existente.

Dña. Marta Rey está dacordo cos puntos plantexados no acordo.

A Alcaldesa-Presidenta remata aludindo a que lles toca de cerca por familias vimiancesas e que o contrato que tiña a Xunta de Galicia e se renovaba cada 6 anos, non se suscribiu este.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por nove votos a favor (6 de PsdeG-PSOE e 3 AV), dúas abstencións do PP e ningún voto en contra, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Ditame referente á moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE sobre a creación dun centro de educación especial pública na Costa da Morte.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social o mércores día 19 de abril de 2023, que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame referente á moción presentada polo grupo municipal de PSdeG-PSOE sobre a creación dun centro de educación especial pública na Costa da Morte

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE na data do 14 de abril de 2023 con RE 20230000001636 en relación á creación dun centro de educación especial pública na Costa da Morte, que dí o seguinte:

"MOCIÓN CREACIÓN CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PÚBLICA NA COSTA DA MORTE

O Grupo Municipal Socialista do Concello de VIMIANZO, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte proposta de MOCIÓN:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No eido educativo, ao igual que no desenvolvemento no rural, a **Costa da Morte** está a sufrir os recortes e abandono por parte da Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.

Despois de non dar resposta ás necesidades requiridas polas familias de diferentes colexios da zona ao principio deste curso escolar 2022-2023, súmase agora a **demanda de familias con nenos e nenas con necesidade especiais da Costa da Morte, así como diferentes organizacións e colectivos da comarca**. Estas familias non contan cun ensino equitativo, público e de calidade para os seus fillos e fillas, que cada ano vense mermadas tanto en centros ordinarios por falta de recursos e recortes, como en centros especiais, situados estes moi lonxos dos seus pobos.

Dende os centros escolares ordinarios da Costa da Morte e os equipos de orientación da Consellería de Educación están derivando ao alumnado con necesidades educativas especiais a centros de educación específicos. Coa dificultade que isto repercute para as familias, xa que o centro específico público máis preto está en Santiago ou na Coruña. A isto engádese a dificultade que estes centros públicos de educación especial teñen lista de espera, polo que son derivados a centros especiais xestionados por asociacións privadas, o que é o mesmo, son derivadois a centros concertados. Este feito de fomentar a escola concertada, cada vez máis normalizado, consolida a **estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan no seu deterioro. Isto ten como consecuencia que as familias teñen que soportar un sobrecusto importante na economía familiar para a escolarización obrigatoria do seu fillo ou filla que pagan de media uns 250 € ao mes entre cuotas, servizos de comedor e transporte.

Ademais de pagar as familias o **transporte**, este servizo non está cuberto na súa totalidade, carece de servizo os cinco días da semana con saída e chegada nos pobos costeiros da comarca, en algún caso con carencia de coidadores con formación específica para atender ao alumnado con necesidades especiais. Este feito fai que moitas veces o alumnado non poida viaxar no autobús, e son as familias quen asumen a viaxe no seu propio coche ou teñen que quedar na casa, incrementando máis os custos do mesmo e desfavorecendo a conciliación familiar.

As actuacións e recortes da consellería de educación en colexios ordinarios e específicos durante a etapa obrigatoria de escolarización fai que atención ao alumnado con necesidades específicas educativas sexa pésima, sen apoios específicos nas aulas para este alumnado, sobrecargando as funcións do profesorado, e estes, facendo moitas veces funcións de coidadores ou de especialistas sen formación adecuada en aulas de vinte e cinco alumnos e alumnas. Esta situación conleva a un **deterioro do ensino público** no que non se chega con calidade e individualización á totalidade do alumnado. Como consecuencia a estes recortes e a non aposta pola educación pública por parte da consellería de educación temos e teremos persoas con menos autonomía no futuro, onde na actualidade nos encontramos sen oferta de centros de día ou os poucos que hai están saturados.

A falta de recursos ao inicio deste curso, a falta de igualdade de oportunidades para o alumnado con necesidades educativas especiais sumámoslle o anuncio do **peche do centro de educación especial ASPABER**, único con estas características na Costa da Morte. Encontrámonos cunha comarca sen opcións de facer vida nela. Ante esta nova a única resposta da Xunta de Galicia ás familias foi a de escolarizar os seus fillos ou fillas en centros ordinarios sen recursos, con carencia de profesorado ou que se trasladen aos centros públicos de educación especial de A Coruña e Santiago, donde non hai prazas. A falta de atención ao alumnado e a igualdade de oportunidades son claramente os síntomas das políticas educativas e de despoboamento do rural que pretende a Xunta de Galicia dende fai xa moitos anos.



Os continuos recortes executados na educación pública do noso país, especialmente na comarca da Costa da Morte están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación.**

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do concello de VIMIANZO insta á Xunta de Galicia a:

Creación dun **Centro de Educación Especial na Costa da Morte**, no que abargue as necesidades de todo o alumnado con necesidades educativas especiais da comarca.

En VIMIANZO, a 14 de ABRIL do 2023

Asinado: Mónica Rodríguez Ordóñez

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de VIMIANZO"

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente o seguinte acordo:

ÚNICO.- Creación dun **Centro de Educación Especial na Costa da Morte**, no que abargue as necesidades de todo o alumnado con necesidades educativas especiais da comarca."

A Alcaldesa-Presidenta explica que en continuación do punto anterior, no caso de que non se acceda a non pechar o centro de Carballo, se cree un novo con profesorado especializado.

Dna. Raque Rodríguez remítese a que non se sabe o que ocurrirá pero que estarán a expectativa.

Dna. Marta Rey traslada que na comisión informativa, neste punto se abstiveron a diferenza do anterior, pois considera que deste xeito se singulariza e non se busca a inclusión deste tipo de alumnado xa que hai diferentes graos e non todos deben estar en centros especializados. Entende máis importante aumentar os recursos nos centros ordinarios para interrelacionar ós alumnos.

A Alcaldesa-Presidenta aclara que se ben a idea é a mesma e está en liña co exposto, o primeiro ditame o que buscaba era evitar o peche e para o caso de que este se realizase, propónse a creación dun centro similar.

Interveñen a concelleira María José Pose Pérez e María Jesús Barbeira Pose. María José confirma o plantexado pola Alcaldesa, no senso de crear un centro de características parecidas ó de Carballo para a zona de Soneira con centro en Vimianzo.

María Jesús Barbeira Pose, desarrolla a idea da inclusión, e os diferentes graos dos alumnos con características especiais polo que ó dicir no Ditame, que "todos", non se está a diferenciar sendo a finalidade a da inclusión e non a segregación.



A Alcaldesa-Presidenta á vista das aportacións e previa consulta co secretario, propón a modificación do ditame mediante emenda oral que quedaría redactado na súa parte resolutiva co seguinte teor:

“Creación dun **Centro de Educación Especial en Vimianzo**, no que abrangue as necesidades de todo alumnado con necesidades educativas especiais que non poida ser integrado nos centros educativos ordinarios.”

Pásase á votación da enmenda obténdose o seguinte resultado aprobatorio:

- 9 VOTOS A FAVOR do PsdeG-PSOE e AV e 2 ABSTENCIÓNS do PP.

De seguido pásase á votación do ditame coa redacción derivada da enmenda oral, aprobándose coa seguinte votación:

- 9 VOTOS A FAVOR do PsdeG-PSOE e AV e 2 ABSTENCIÓNS do PP.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 23-03-2023 con número 431/2023 ata o día 19-04-2023 con número 558/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

5º. Dación de conta das asignacións a grupos políticos municipais.

O Interventor da conta das aportacións anuais aos diferentes grupos políticos municipais.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

Dña. Marta Rey pregunta sobre a paralización das obras de Bamiro e Baíñas.

Ademáis en Salto pregunta se se sabe algo respecto a uns pinos marcados e o seu significado.

Por último, pregunta respecto á licitación das escolas deportivas e culturais, cando se prevé a mesma xa que está rematando o ano lectivo.



A Alcaldesa-Presidenta contesta en relación coa paralización aludida, que están suspendidas por cuestións técnicas, de firme e climatolóxicas esperando resposta técnica sobre a súa continuación.

En relación cos pinos, traslada que recibíu chamadas e se trasladou a urbanismo sen ter constancia de nada en concreto.

Respecto ás escolas, contesta que se está xa preparando para a próxima anualidade, tendo en conta os servizos que foron demandados para ponderar as actividades a licitar.

Por último, agradece a todos a experiencia vivida estes 4 anos, e especialmente polo tono e respecto así como o diálogo que se mantivo, agardando unha campaña electoral na mesma liña. Tamén agradece o traballo dos empregados públicos.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:40 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz